

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI O 15 DE ABRIL DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Decreto polo que se aproba o Plan territorial especial de San Fiz de Asma, no concello de Chantada.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Allariz para a execución do Plan de sustentabilidade turística Allariz destino sostible no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total dun millón de euros (1.000.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución do 4 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a proxectos tractores da enogastronomía de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se convoca para o ano 2024, con carácter plurianual, por un importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 €).

##### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a selección dunha entidade encargada da xestión do centro de intervención educativa en medio aberto (CIEMA) dirixido a persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, na provincia da Coruña. Importe do orzamento do servizo: dous millóns catrocentos sesenta e dous mil cento seis euros con cinco céntimos (2.462.106,05€). Valor estimado: cinco millóns novecientos nove mil cincuenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (5.909.054,52€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación para o exercicio 2024. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00€).

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, con varios empresarios, da subministración de equipamento para as plataformas de *backup* da Xunta de Galicia (expediente: AMT-2024-0048) por un orzamento total de vinte e dous millóns catrocentos corenta e cinco mil cincocentos corenta e dous euros con setenta e cinco céntimos (22.445.542,75€) IVE incluído, e un valor estimado de dezaoito millóns cincocentos cincuenta mil trinta e cinco euros con trinta e tres céntimos (18.550.035,33€).

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Mellora da seguridade viaria (MSV) na PO-531. Treito: PO-310 - VG-4.8 (Pontevedra).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés por un orzamento de licitación de nove millóns cento vinte e un mil douscentos setenta e sete euros con dezasete céntimos (9.121.277,17€) e un valor estimado de trece millóns seiscentos cincuenta e tres mil douscentos corenta e tres euros con corenta e sete céntimos (13.653.243,47€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de fraccionamento industrial do plasma humano da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos en produtos farmacéuticos, así como o seu transporte, almacenamento e distribución, por importe de tres millóns catrocentos noventa e sete mil catrocentos cincuenta e sete euros con sesenta céntimos (3.497.457,60€) IVE engadido e un valor estimado de oito millóns setenta e un mil cincuenta e seis euros (8.071.056€) sen IVE.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, da adquisición de equipos para bombas de infusión, nutrición, medicación con destino as Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, cun orzamento de quince millóns catrocentos noventa e seis mil catrocentos noventa e seis euros con cincuenta e sete céntimos (15.496.496,57 €) e un valor estimado de vinte e catro millóns douscentos setenta e un mil novecentos cincuenta e nove euros con sesenta céntimos (24.271.959,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo Centro de Saúde, feita a título gratuito polo Concello de Pontearreas, a favor do Servizo Galego de Saúde.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as axudas para fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o programa de acreditación da competencia lingüística en linguas estranxeiras.
- Informe sobre o impulso das ensinanzas de réxime especial e INNOVART24.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Conexión dun vial de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301 (Vilanova de Arousa).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a subministración de diverso equipamento para as Unidades de Reprodución Humana Asistida do Servizo Galego de Saúde.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o estado da situación de Artesanía Alimentaria e 12 novas normas de Artesanía Alimentaria.
- Informe sobre a diversificación de especies forestais.
- Informe sobre as actuacións de prevención de incendios forestais de Galicia: abril 2024 a marzo 2025

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PLAN TERRITORIAL ESPECIAL DE SAN FIZ DE ASMA, EN CHANTADA, PARA PROTEXER E ORDENAR UNHA DAS PAISAXES MÁIS SINGULARES DA RIBEIRA SACRA**

- Trátase do primeiro instrumento deste tipo que se promove en Galicia e a súa tramitación enmárcase nas accións impulsadas polo Goberno autonómico para poñer en valor este rico territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense
- O obxectivo é combinar a protección do patrimonio natural e cultural deste ámbito coa regulación de medidas que permitan manter as características dunha paisaxe construída que lle confire a esta parroquia unha identidade única e diferenciada
- O plan establece unha serie de determinacións a seguir e a zonificación do territorio para preservar eses valores singulares e propón actuacións a medio prazo para mellorar a xestión dos recursos e das características do ámbito
- Servirá tamén de modelo de desenvolvemento do rural para ter en conta no resto dos territorios ribeiregos da Ribeira Sacra e noutras zonas de Galicia con características singulares como as pallozas do Piornedo ou os muíños de Folón e Picón

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan territorial especial (PTE) da parroquia de San Fiz de Asma, en Chantada, o primeiro documento destas características que se promove en Galicia e cuxo obxectivo principal é garantir unha ordenación do territorio que combine a protección do patrimonio natural e cultural que alberga esta paisaxe construída altamente representativa e unha das máis singulares da Ribeira Sacra.

O decreto de aprobación definitiva do PTE de San Fiz enmárcase nas accións globais impulsadas nos últimos anos por parte do Goberno galego de cara á posta en valor deste amplo territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense, que foi declarado Reserva de biosfera en setembro do ano 2021 e acaba de confirmarse que será a única candidatura oficial española a Patrimonio Mundial ante a Unesco.

Cómpre lembrar que a redacción deste documento de ordenación do territorio xorde da declaración da Paisaxe cultural da Ribeira Sacra como Ben de interese cultural (BIC) a finais de 2018, momento no que se observou que en San Fiz de Asma concurrían unha gran singularidade e características especiais que facían desta parroquia chantadina merecedora dunha ordenación propia e detallada.

Para tal fin, o plan aprobado esta mañá integra a paisaxe como elemento transversal a protexer, conservar e potenciar e nel se recollen as principais determinacións da normativa en materia paisaxística, primando a adaptación e a mimetización das construcións do ámbito, expoñendo as recomendacións recollidas na Guía de cores e materiais para a comarca paisaxística Ribeira Sacra Miñota e mantendo a singularidade dunha contorna que atrae cada ano a moitos visitantes que se achegan á Ribeira Sacra.

Partindo tamén de que a posta en valor do patrimonio cultural é fundamental no PTE, o documento inclúe unha zonificación tendo en conta, entre outras cuestións, as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contornas de protección dos bens de interese cultural que existen no lugar e a importancia das diferentes construcións vinculadas á viticultura como parte do seu patrimonio rural e que responden a unha tipoloxía tradicional e de pequeno tamaño con predominio de casetas de viña, adegas de garda e outras construcións singulares.

En concreto, distínguese entre Zona 1: Área de conservación prioritaria e restauración ambiental, no contorno de protección de monumentos declarados BIC ou catalogados polo Plan básico autonómico, na que se permite un uso público, racional e sostible; a Zona 2: Áreas de uso agropecuario-forestal e áreas de recuperación ambiental, que inclúen as parcelas na ladeira que mira ao río Miño e ao río Asma e que, por tanto, poden interferir na correcta harmonización da Paisaxe Cultural; e Zona 3: Áreas produtivas e equipamentos, que abrangue os espazos dedicados á produción de enerxía hidroeléctrica ou de viño, cunha maior flexibilidade estética e de volume nas construcións.

Ademais e aínda que se trata dun documento de planificación que non implica investimentos, o PTE incorpora unha serie de propostas de acción e medidas para protexer e conservar os recursos do ámbito a medio prazo.

### **Morfoloxía, valores e ocupación do territorio**

As condicións xeolóxicas e morfolóxicas de San Fiz de Asma, un ámbito cunha superficie de 225 hectáreas e 1.781 parcelas, os valores patrimoniais e a xeografía xunto coa recente ocupación do territorio confírenlle unha identidade diferenciada doutras paisaxes e que é, ademais, altamente representativa dos atractivos da Ribeira Sacra.

Desde un punto de vista morfolóxico, identifícanse grandes contrastes marcados pola fenda que supoñen os cursos fluviais no territorio, así como a forte pendente dos seus vales, que presentan grandes inclinacións, mesmo paredes verticais, e ladeiras que rematan contra zonas chairas con pendentes inferiores e que conforman a paisaxe característica da bocarribeira.

Así mesmo, os asentamentos e vivendas tamén usan os mesmos recursos, escollendo nun terreo accidentado aqueles lugares máis propicios para a súa localización, próximos ao fondo do val ou nas ladeiras en función das pendentes e da orientación.

Esta situación reflicte un uso intensivo do territorio, acrecentado nos últimos anos, o que fai de San Fiz de Asma un laboratorio axeitado para modelar procesos de xestión sustentable do medio xa que a súa gran singularidade é o recoñecemento dun uso de relación social nas adegas de garda, que transcende a súa función orixinal ligada ao viño.

En definitiva, o PTE aspira a manter as características dunha paisaxe construída que ten unha función que se quere conservar e difundir, incidindo para isto nos seus aspectos territoriais de forma compatible cunha economía agrogandeira e de recursos culturais e turísticos sustentables e establecendo medidas de protección que garantan a súa preservación, restauración ou mellora, adecuándoas ás funcións e usos correspondentes.

### **Plan de acción estratéxico**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo planeamento de San Fiz de Asma é unha das medidas incluídas no chamado Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, impulsado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a finais do ano 2019 co obxectivo de mellorar a planificación e a protección deste territorio.

Para isto, o plan incluía un paquete de 10 propostas a nivel ambiental, paisaxístico e urbanístico, a maioría delas en marcha ou xa executadas e que beneficiarán a un total de 30 concellos de Lugo e Ourense, cun investimento de máis de 4,5 millóns de euros.

No caso concreto do PTE de San Fiz de Asma, cómpre lembrar que foi inicialmente tramitado como Plan de ordenación do medio físico (POMF), pero, tras a aprobación e entrada en vigor da Lei de ordenación do territorio de Galicia no ano 2021, decidiuse adaptalo ás esixencias da nova normativa, para os efectos de poder continuar a súa tramitación como un Plan territorial especial.

De feito, é o primeiro instrumento de planificación deste tipo que se aproba en Galicia e poderá empregarse a partir de agora como modelo de desenvolvemento do rural que se debe ter en conta no resto dos territorios ribeiregos da Paisaxe cultural Ribeira Sacra e outros de semellantes características en Galicia, e para a ordenación de zonas rurais cunha concentración singular de construcións e actividades como, por exemplo, as pallozas do Piornedo, as adegas de Seadur, en Larouco, ou o conxunto etnográfico dos muíños de Folón e Picón, no concello do Rosal.

Tras a aprobación definitiva polo Consello da Xunta do decreto do PTE de San Fiz de Asma, a continuación inscribírase no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia tanto do novo instrumento de ordenación como da modificación do PXOM de Chantada xa que o PTE implicou simultaneamente introducir cambios no plan xeral municipal. Tamén se publicará no DOG e no BOP.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 1M€ EN ALLARIZ NO PLAN TERRITORIAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VILAS TERMAIS E CASCOS HISTÓRICOS

- Apróbase un convenio con este concello ourensán para que leve a cabo a súa estratexia turística de sostibilidade desde este ano 2024 ata o 2026
- Entre outras accións inclúese a rexeneración natural do corredor verde no río Arnoia, sinalización intelixente ou impulso dixital a sectores de aloxamento ou restauración
- A autorizada hoxe é unha das oito estratexias en destino do Plan territorial de sostibilidade turística financiado con Next Generation

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración co Concello de Allariz por 1M€, a segunda medida aprobada ao abeiro do Plan territorial de sustentabilidade turística en Vilas Termais e Cascos Históricos que a Xunta de Galicia impulsa este ano 2024 cun investimento global de 23M€ con fondos Next Generation. Este Plan territorial galego engloba oito estratexias en medio cento de concellos -como a autorizada hoxe- entre outras accións.

O convenio autorizado hoxe permitirá, en concreto, levar a cabo actuacións que impulsen o turismo sostible no concello ourensán, con medidas como a rexeneración natural do corredor verde ao redor do río Arnoia no seu trazado municipal, a mellora do contorno e recuperación ambiental do manancial de augas minero medicinais de Santán, melloras de eficiencia enerxética no Museo do Xoguete ou unha rede de puntos de carga para vehículos eléctricos.

Tamén se prevé a sinalización intelixente e incorporación de paneis informativos en equipamentos turísticos, unha estratexia de transformación dixital en sectores de aloxamento, restauración, artesanía e comercio ou a creación de produto turístico gastronómico baseado no produto local, entre outros.

#### **Terceiro plan territorial**

O Plan territorial de sustentabilidade turística Vilas Termais e Cascos Históricos deseñado por Turismo de Galicia con fondos europeos Next Generation onde se insire este convenio ten unha vixencia ata 2026. Ademais do convenio co Concello de Allariz e o autorizado hai unhas semanas coa Deputación de Ourense, tamén se inclúen os que se irán autorizando próximamente. Trátase do do centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra; o plan Mar de Santiago; e os do centro histórico de Betanzos, da vila de Bouzas (en Vigo), o de Tui, e Ribeira Sacra. O Plan territorial inclúe, ademais, a posta en marcha de medidas destinadas ao sector e o concellos, a través de liñas de axudas que se irán deseñando ao longo deste ano.

O Plan de Vilas Termais e Cascos Históricos é o terceiro que a Xunta de Galicia pon en marcha cos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o financiamento europeo, tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de enogastronomía (2023-2025).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE 2,5M€ PARA A CREACIÓN DE NOVOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E RESTAURACIÓN

- Os proxectos deberán levar aparelado a posta en marcha de experiencias enogastronómicas e ser iniciativas tractoras do territorio que amplíen servizos aos visitantes ao tempo que fomenten o emprego turístico e impacto económico local
- Impulsarase a creación de programas dixitais vinculados a experiencias de turismo enogastronómico para os visitantes con APPs ou realidade aumentada, entre outras

O Consello da Xunta informou hoxe da creación dunha nova convocatoria de axudas dotada de 2,5M€ para fomentar a creación de novos establecementos turísticos de aloxamento e restauración coa intención de mellorar e ampliar os servizos para os visitantes ao tempo que se fomenta o emprego turístico e un positivo impacto económico local. A iniciativa aprobada hoxe enmárcase no Plan territorial de enogastronomía de Galicia, posto en marcha por Turismo de Galicia con fondos Next Generation.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas e grandes empresas que proxecten levar a cabo un investimento para a crear un novo establecemento turístico en Galicia. Inclúense desde pensións, establecementos de turismo rural, albergues, cámpings ou restaurantes, cafeterías ou bares, entre outras.

Deben ser proxectos tractores con efectos a longo prazo, que contribúan á transición verde, a creación de emprego, a sustentabilidade turística do destino e a posta en valor da enogastronomía de Galicia. Ademais, deberá ir aparelado da posta en marcha de experiencias enogastronómicas como visitas en orixe que poñan en valor o proceso de creación da materia prima, o seu coidado, recolección, procesado, elaboración, así como experiencias interactivas de cociña ou *showcooking*, degustacións e catas.

Deberán contar entre os seus produtos principais con, polo menos, un produto que conte con Denominación de Orixe Protexida de Galicia, Indicación Xeográfica Protexida de Galicia, a certificación Viños da Terra, ou que dispoñan do selo de destino Galicia Calidade. Tamén terán que cumprir, polo menos, dúas das seguintes condicións: creación dun mínimo de cinco postos de traballo directos, creación de vínculos con axentes públicos e privados do territorio ou outros sectores de actividade e contribución á sustentabilidade turística, con novas fórmulas de xestión (uso de produtos de proximidade ou ecolóxicos, implantación de fórmulas de reciclaxe...) ou con programas de actividades ou sensibilización medioambiental.

#### **Obras respectuosas coa contorna**

As axudas sufragarán, entre outras, as obras necesarias para a posta en marcha de novos establecementos que sexan respectuosas coa contorna e que teñan baixo impacto medioambiental, investimento en enerxías renovables ou gastos de compra e instalación de aplicación informativas e aplicación móbiles, entre outras.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os proxectos achegados deberán ascender a un mínimo de 200.000 euros de investimento para o conxunto das catro liñas de subvencionabilidade (creación de infraestruturas, contar con sistemas de enerxías renovables, proxectos dixitais vinculados á enogastronomía e experiencias enogastronómicas).

### **Plan territorial de sustentabilidade enogastronomía de Galicia**

Esta liña de subvencións enmárcase nos distintos proxectos que a Xunta de Galicia está facendo realidade cos fondos europeos que foron asignados á Comunidade galega co Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea.

En concreto, forma parte do Plan territorial enogastronomía de Galicia deseñado pola Xunta no horizonte de 2025 con 34,5M€ e que está composto con distintas accións de cohesión en forma de liñas de axuda -unha delas é a aprobada hoxe-, así como 13 Plans de Sostibilidade Turística en Destino dos que se benefician un total de 80 concellos galegos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ 615.000 EUROS ANUAIS ATA 2028 NA ATENCIÓN A ADOLESCENTES QUE CUMPREN MEDIDAS XUDICIAIS EN RÉXIME ABERTO NA PROVINCIA DA CORUÑA

Concertarase cunha entidade social a xestión deste servizo, que ten como obxectivo a reinserción destes mozos e evitar a reincidencia

A Xunta investirá 615.000 euros ao ano ata 2028 nos programas para favorecer a reintegración social de adolescentes que cumpren medidas xudiciais sen privación de liberdade no Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (Ciema) da provincia da Coruña. Esta contía supón un incremento medio anual do 15 % con respecto da situación actual, o que permitirá reforzar este servizo.

O Consello de hoxe acordou a convocatoria dun concerto social para a xestión deste centro, que o ano pasado atendeu máis de 300 menores de idade que estaban nesta situación.

Galicia conta con cinco Ciemas situados nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Neles préstase atención a adolescentes que están a cumprir medidas impostas polos xulgados en réxime aberto. Desde setembro do ano pasado todos son xestionados por entidades sociais a través de concertos, agás o da Coruña, para o que se aprobou hoxe a súa convocatoria.

#### **Reeducación e inserción social**

As actuacións que se realizan nos Ciemas están orientadas cara á reeducación dos menores infractores, para o que se teñen en conta as súas circunstancias persoais, familiares e sociais. Os profesionais destes centros perseguen a reinserción dos menores para o que traballan con eles na adquisición das habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social, así como para evitar a reincidencia e a exclusión social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **APROBADO UN CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE ALZHEIMER PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS CON ESTA DOENZA E DOS SEUS FAMILIARES**

O orzamento do acordo é de 89.250 euros e permitirá financiar diferentes iniciativas que desenvolve a federación ao longo deste ano 2024

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal) por un importe de 89.250 euros. O obxectivo é dar continuidade durante este ano 2024 ao financiamento dos programas que leva a cabo esta federación.

En concreto, a través deste acordo, o Goberno galego sufraga diferentes iniciativas de Fagal, tales como: programas de apoio e formación a familiares de enfermos de alzheimer, campañas de sensibilización ou xornadas interdisciplinarias e divulgativas sobre intervención en demencias, prevención e envellecemento activo. A previsión é beneficiar unhas 7.200 persoas con este convenio.

Ademais do apoio ás entidades sociais que traballan no ámbito do alzheimer, nos últimos anos o Executivo autonómico consolidou unha rede de prazas públicas en centros especializados na atención a esta doenza, que na actualidade superan as 500.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AMPLÍA A CAPACIDADE DOS SISTEMAS DE RESPALDO DA INFORMACIÓN DA ADMINISTRACIÓN

O Goberno galego aproba un acordo marco para reforzar e ampliar o equipamento que posibilita a xestión das copias de seguridade de datos, expedientes e documentos que xestiona a Administración autonómica

O consello do Goberno galego autorizou hoxe un acordo marco que permitirá reforzar e ampliar a capacidade das plataformas que custodian as copias da información que xera a Administración autonómica. O novo contrato, cunha vixencia de catro anos, posibilitará a adquisición de software e compoñentes hardware que integran estas plataformas para reforzar as capacidades actuais e garantir a seguridade e o volume crecente de información que xestiona a Administración pública (expedientes xudiciais e educativos, entre outros).

O contrato aprobado hoxe permitirá contar con varios provedores dos diferentes compoñentes das plataformas, que se adquirirán a través de contratos derivados en función das necesidades. O acordo ten un importe de licitación de 22,4 millóns de euros (IVE incluído).

O contrato dá resposta ás necesidades dunha administración intelixente cunha xestión dixital. As plataformas de respaldo ("*backup*") son un elemento fundamental da administración dixital que garante a conservación da información ante calquera incidencia. A Xunta ten distribuídas estas plataformas no Centro de Proceso de Datos (CPD) principal, na Cidade da Cultura, no Centro de respaldo de San Caetano e no CPD de Domingo Fontán.

#### **Goberno intelixente**

O reforzo das infraestruturas dixitais é fundamental para consolidar un goberno intelixente, un dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG) que recolle diferentes actuacións para ofrecer máis servizos públicos dixitais, seguros e dispoñibles. Entre os obxectivos intermedios da EDG neste ámbito, está acadar no 2025 que o 70 % das persoas e o 85 % das microempresas usen a canle dixital para relacionarse coas administracións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA PO-531 AO PASO POLA PARROQUIA DE CAMPAÑÓ, EN PONTEVEDRA, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 975.000 €**

- O Executivo autonómico autoriza as expropiacións para executar estas obras que contribuirán á mellora de seguridade, especialmente para os peóns, neste tramo entre a PO-310 e a vía de alta capacidade VG-4.8
- A intervención prevé a transformación da intersección en "T" existente no quilómetro 3+200 da vía coa PO-310 nunha glorieta cun diámetro exterior de 30 metros
- Tamén se inclúe a execución de sendas peonís en ambas as marxes da PO-531, entre a nova glorieta e a VG-4.8
- Acondicionarase a intersección na marxe esquerda no punto quilométrico 3+450, de acceso ao CEIP Campañó, e habilitaranse nesta contorna dúas zonas de aparcadoiro
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo trimestre de 2024, co obxectivo de que o vindeiro ano a obra estea executada

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora de seguridade da estrada autonómica PO-531 ao paso pola parroquia de Campañó, no concello de Pontevedra.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta nova actuación no municipio roldará os 975.000 euros, incluíndo o pagamento dos 13 predios necesarios para impulsar estas obras, no treito da vía autonómica entre a PO-310 e a vía de alta capacidade VG-4.8.

O obxectivo é contribuír á mellora de seguridade neste tramo da PO-531, especialmente para os peóns, a través dun conxunto de actuacións que tamén favorezan a mobilidade e a fluidez do tráfico.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención. A superficie de expropiación será de 2.201,42 m<sup>2</sup>.

En concreto, a intervención comezará pola transformación, en glorieta, da intersección en "T" situada no quilómetro 3+200 da vía coa estrada PO-310. Acometerase unha rotonda cun diámetro exterior de 30 metros e un diámetro interior de 8, con dous carrís e dúas beiravías.

Tamén, segundo o proxecto aprobado hoxe, prevese a execución de sendas peonís en ambas as marxes da estrada PO-531, entre a nova glorieta e a glorieta da VG-4.8. As sendas terán un ancho mínimo de 2 metros, incluíndo unha zona axardinada de 50 centímetros segundo as zonas.

Entre as actuacións deseñadas, propónse a eliminación dos xiros á esquerda e os carrís centrais de espera entre as dúas glorietas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Acondicionaranse as paradas de autobús existentes, incluíndo a instalación de refuxios.

Ademais, procederase ao acondicionamento da intersección na marxe esquerda no punto quilométrico 3+450, de acceso ao colexio CEIP Campañó. Tamén se habilitarán neste punto dúas zonas de aparcadoiro, nas proximidades da estrada PO-531.

A Xunta convocará os actos expropiatorios no segundo semestre de 2024, co obxectivo de que as obras poidan estar executadas no vindeiro ano. A actuación ten un prazo de 8 meses.

Plano de situación e das seccións da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE 9,1 M€ NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE E HOSPITALARIO URXENTE DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS**

- Recóllese un aumento moi significativo tanto de medios humanos como materiais, xa que se pasa de 38 a 43 vehículos e de 72 a 79 condutores
- O número de servizos estimados totais na contratación deste servizo é de máis de 100.000 anuais
- Refórzanse determinados tramos horarios de alta demanda, como venres e prefestivos, para evitarlles esperas aos pacientes que haxa que trasladar aos seus domicilios
- Mellóranse as condicións económicas dos traballadores de acordo co V convenio colectivo galego de transporte sanitario que inclúe actualizacións dos salarios do 4 % para 2024 e do 4,25 % para 2025
- No que atinxe á xornada horaria dos traballadores, establécese unha redución de 8 horas en 2024 e outras 16 en 2025, e un aumento das axudas de custo, do complemento de transporte, e das retribucións de festivos e días especiais, entre outros incentivos
- Promóvese a mellora dos valores medioambientais, xa que se esixe a adscrición á execución do contrato dun mínimo de tres vehículos eléctricos ou híbridos
- Introdúcese un criterio de adxudicación para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, segundo o establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, por un importe total de licitación de 9.121.277 euros, e un período de 24 meses, que contará a partir do 1 de xullo. A finalidade do contrato é a consecución dos máximos niveis de eficiencia na prestación deste transporte sanitario, establecendo os protocolos e procedementos que se estimen necesarios para a consecución de tal fin.

O transporte sanitario, tanto programado como hospitalario, consiste no desprazamento de enfermos por causas exclusivamente clínicas, cuxa situación lles impida desprazarse nos medios ordinarios de transporte. O transporte sanitario abrangue ao paciente, ao acompañante se for necesario e aqueles accesorios ou elementos supletorios que, suxeitos a criterios facultativos, sexan necesarios para permitir e facilitar o traslado e posterior desenvolvemento do paciente do xeito máis digno e autónomo posible.

Son os criterios médicos os que determinarán as ambulancias asistenciais ou non asistenciais e as características técnicas e o equipamento sanitario preciso en función das necesidades do paciente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Modalidades**

As modalidades de transporte sanitario incluídos no contrato son o transporte programado, o hospitalario e o traslado entre comunidades autónomas. O programado fai referencia ao traslado de enfermos ambulatorios aos centros sanitarios pertencentes ao Sergas como aos concertados con este, para recibir asistencia sanitaria de xeito programado xa sexa para consulta, tratamento ou realización de probas, e, logo da finalización deste, o retorno aos seus domicilios.

O transporte hospitalario refírese aos ingresos, ás altas, aos traslados interhospitalarios para a realización de consultas, probas e/ou tratamentos de carácter ordinario e urgente.

O traslado a outra comunidade atinxe á asistencia sanitaria en centros referentes a nivel nacional en certas patoloxías, técnicas ou tratamentos.

### **Máis de 100.000 servizos anuais**

O número de servizos estimados totais na contratación deste servizo é de máis de 100.000 anuais, dos que máis de 81.000 son convencionais programados e preto de 20.000 transporte hospitalario. Tendo en conta o número de servizos prestados, máis de 100.000, calcúlase que o cadro de persoal necesario para a prestación do servizo sitúase en 79 condutores, sete máis que o contrato anterior, aos que hai que engadir 3 xefes de tráfico e dous administrativos.

Para a determinación do custo dos salarios e demais complementos, tívose en conta o número de traballadores necesarios para realizar as tarefas obxecto do contrato e as táboas salariais establecidas no convenio laboral, así como a subida acordada no V convenio colectivo de transporte sanitario de enfermos e accidentados en ambulancia, recollendo unha suba salarial do 4 % para 2024 e do 4,25 % para 2025. Ademais, considérase un aumento das axudas de custo, do complemento de transporte, e das retribucións de festivos e días especiais, entre outros incentivos.

No que se refire á xornada e número de horas, o convenio inclúe unha rebaixa de 8 horas para 2024 e 16 horas para 2025. Así mesmo, aquelas persoas que realicen traballo nocturno verán reducida a súa xornada laboral outras 24 horas en 2025.

A redución da xornada supón necesariamente un incremento no número de traballadores necesarios para a cobertura dos servizos, que se tivo en conta nas distintas anualidades.

### **Incremento de ambulancias**

Para a nova licitación establécense 43 ambulancias para a área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, o que supón cinco máis que no contrato anterior. Sinalar, así mesmo, que o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adxudicatario deberá adscribir á execución do contrato polo menos tres vehículos eléctricos ou híbridos. Así mesmo, introdúcese un criterio de adxudicación para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, segundo o establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia.

O transporte sanitario realizarase en vehículos especialmente acondicionados e debidamente autorizados que se axusten ás seguintes categorías:

Ambulancias non asistenciais. Esta categoría comprende as seguintes clases: ambulancias de clase A1 ou convencionais: son os vehículos destinados aos traslados de pacientes que, por presentar imposibilidade física ou por causa médica xustificadas, non poden facer uso doutros medios de transporte, sendo preciso o seu traslado en padiola.

•Ambulancias de clase A2 ou de transporte colectivo: é o que se realiza en vehículos especialmente acondicionados para o traslado conxunto de pacientes cuxo traslado non revista carácter de urxencia, ni padezan enfermidades infecto-contaxiosas.

Ambulancias asistenciais de clase C, ou de soporte vital avanzado: aquelas que reúnen os recursos necesarios para a estabilización de pacientes e o control e o mantemento de funcións vitais.

Do total de 43 vehículos que se establece para a nova licitación, un total de 33 serán clase A2; 7 clase A1; e 3 clase C.

Os tempos de dispoñibilidade dos vehículos asignados ao contrato incluírán sempre o persoal necesario para ser operados en función da súa categoría e a prescrición facultativa.

As ambulancias A1 e C deben ter un sistema de retención homologado e compatible coas incubadoras da área sanitaria Pontevedra-O Salnés para o traslado de pacientes pediátricos.

Xunto ao anterior, contarase con, polo menos, un vehículo especial para o traslado de pacientes obesos (padiolas que soporten hasta 350 kg) ou para discapacidades especiais, que se usarán en transporte habitual se non hai demanda de servizo destes pacientes especiais.

### **Horario e planificación das rutas**

No que atinxe ás condicións particulares para a xestión do transporte sanitario programado, refórzanse determinados tramos horarios de alta demanda como venres e prefestivos para evitar esperas innecesarias aos pacientes que hai que trasladar aos seus domicilios. Así, o horario de cobertura deste servizo será principalmente entre as seguintes franxas:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

•Luns a venres de 7:00 horas ata as 23:00. Sábados de 7:00 horas ata 22:00 e, no caso de radioterapia, poderán ter lugar traslados nocturnos.

Todos os servizos deberán realizarse no menor tempo posible, pola ruta máis adecuada e nas mellores condicións técnico-sanitarias e de confort para os pacientes. Para conseguir este obxectivo, a empresa adxudicataria deberá levar a cabo xuntanzas periódicas co servizo designado polo Sergas co fin de planificar as rutas máis idóneas.

As ditas rutas adaptaranse en función das localidades e domicilios dos pacientes e aos horarios de recollida, tratamentos e presenza dos enfermos nos centros sanitarios e a localización destes.

Cada unha das ambulancias notificará vía telemática, a tempo real, todos os cambios de estado e os tempos solicitados. A comunicación dos pacientes trasladados realizarase mediante un sistema de lectura da tarxeta sanitaria, no suposto de que non poida utilizarse este sistema, os datos do paciente deberán de ser mecanizados igualmente.

Como norma xeral, a recollida en domicilio realizarase cunha antelación non superior a 90 minutos á que estea programada a asistencia no centro de destino e con chegada ao centro sanitario non superior a 30 minutos antes da programación da actividade.

A agrupación de pacientes en cada un dos itinerarios realizarase de maneira que eviten demoras innecesarias e esperas prolongadas tanto na recollida como no destino, así como longos recorridos que obriguen aos pacientes a unha permanencia excesiva na ambulancia de transporte.

O servizo realizarase accedendo ao domicilio do paciente desde o lugar máis idóneo e utilizando a porta dos centros asistenciais que determine a área sanitaria, garantindo a mobilización máis áxil e segura dos enfermos, a pé de cama se for necesario.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 3,5 M€ Á OBTENCIÓN DE MEDICAMENTOS ELABORADOS A PARTIR DE PLASMA SANGUÍNEO PARA TRATAR A HEMOFILIA E ENFERMIDADES AUTOINMUNES**

- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue garante os máis altos estándares de calidade e seguridade neste tipo de medicamentos elaborados a partir de plasma
- Estes medicamentos hemoderivados utilízanse cada vez con maior frecuencia pola súa ampla aplicación terapéutica

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por 3.497.457 euros, do servizo de fraccionamento industrial do plasma humano da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) para obter medicamentos hemoderivados e así tratar patoloxías como a hemofilia e déficits congénitos de factores da coagulación, enfermidades autoinmunes e deficiencias congénitas da inmunidade.

ADOS ten a competencia de optimizar o autoabastecemento e subministración de compoñentes sanguíneos e medicamentos elaborados con plasma procedente das doazóns que non se dedican ás transfusións nos hospitais. Este plasma envíase á industria farmacéutica especializada en fraccionar este compoñente sanguíneo para obter medicamentos que se subministran posteriormente aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

Deste xeito, aprovéitase un recurso propio como é o plasma e increméntase a seguridade dos receptores destes medicamentos, xa que son obtidos cos máis altos estándares de calidade e seguridade que proporciona a Axencia Galega de Doazón.

Ademais, ADOS participa no Plan nacional de plasmaférese que impulsa o Ministerio de Sanidade, xunto cos centros de transfusión das comunidades autónomas, que busca avanzar cara á autosuficiencia en materia de medicamentos derivados do plasma en España. Isto asegura o acceso a tratamentos vitais para os pacientes que os precisan e ADOS avanza no incremento da autosuficiencia de Galicia nestes medicamentos elaborados a partir de plasma de orixe galega.

Os medicamentos hemoderivados obtidos por ADOS a partir do plasma sanguíneo son: a albúmina, o factor VIII, as inmunoglobinas e a alfa1-1 antitripsina. Estes medicamentos benefician pacientes para tratar, entre outras enfermidades, a hemofilia (A e B) e outros déficit congénitos de factores de coagulación, nos que as persoas afectadas sofren hemorraxias graves que mesmo poden aparecer de xeito espontáneo e sen causa aparente; as enfermidades autoinmunes, nas que o paciente crea anticorpos contra os seus propios tecidos; ou deficiencias congénitas da inmunidade, que son causa de infeccións graves a raíz do contacto diario con bacterias e virus, sen orixe aparente, como consecuencia de fallos do sistema inmunolóxico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 24 MILLÓNS DE EUROS A ADQUISICIÓN DE BOMBAS DE INFUSIÓN, NUTRICIÓN E MEDICACIÓN PARA OS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS**

- Trátase da primeira contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde neste tipo de material, o que suporá un aforro estimado do 11 % (601.414 euros/ano)
- A utilización destes dispositivos permite administrar aos pacientes galegos os líquidos, medicacións e nutrientes que precisan, de acordo coas súas necesidades clínicas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un expediente de contratación para a adquisición de bombas de infusión, nutrición e medicación con destino ao conxunto de centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Así, o Executivo Galego destinará un total de 15.496.496 euros para dotar con este equipamento as sete áreas sanitarias galegas durante os vindeiros 3 anos, un investimento que se estima que ascenda ata os 24.271.959 euros, no caso de prorrogarse o contrato durante dous anos máis.

As bombas de infusión son uns dispositivos tecnolóxicos que permiten administrar aos pacientes -ben sexa por vía intravenosa, subcutánea, epidural ou parenteral-; os líquidos, medicamentos ou nutrientes que precisan; posibilitando o establecemento tanto das súas doses, como dos intervalos de tempo específicos, de acordo coas necesidades clínicas dos pacientes.

Entre as súas funcións, e xunto co cálculo preciso das doses, destacan a posibilidade de programar diferentes ritmos de goteo, a configuración de horarios e alarmas, ou a posibilidade de establecer diferentes niveles de presión.

O emprego das bombas de infusión intelixentes na administración de medicamentos marcou un antes e un despois no labor diario do persoal de enfermería. Así, estes dispositivos ofrecen un control meticuloso sobre a velocidade e o volume da infusión, permiten levar a cabo terapias personalizadas, e reducen dun xeito significativo os posibles riscos asociados á administración manual.

Na práctica clínica diaria, o seu uso adoita ser habitual en todos os contornos asistenciais: nas unidades de coidados intensivos, nas salas de operacións, nas unidades de coidados intermedios, nas plantas de hospitalización, e están indicadas para prescricións como: a alimentación parenteral e enteral, quimioterapia, analxesia epidural continúa ou na administración de insulina.

#### **Primeira compra centralizada deste equipamento**

É preciso salientar que o expediente autorizado esta mañá supón a primeira contratación centralizada do Sergas neste tipo de material. Deste xeito, o Executivo galego incide no seu obxectivo de garantir a máxima homoxeneización de produtos e procedementos para asegurar a maior calidade e equidade na atención dos usuarios da sanidade pública galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a modalidade de contratación escollida para este expediente, posibilitará que o departamento sanitario da Xunta acade un aforro medio do 11 % (601.414 euros/ano) na adquisición deste equipamento, e o que suporá un aforro total estimado de 3.007.070 euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DUN TERREO NO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA CONSTRUIR O NOVO CENTRO DE SAÚDE DA LOCALIDADE

- A parcela conta cunha superficie total de 5.713 metros cadrados e está situada no lugar de Barral
- O novo centro de saúde permitirá ampliar o número de consultas de Medicina Xeral e Enfermería, incorporar consultas de docencia MIR e EIR, duplicar o número de salas polivalentes, e integrar a base do 061 no mesmo edificio
- O PAC deste centro presta cobertura sanitaria a máis de 40.000 persoas dos concellos de Ponteareas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da parcela cedida polo Concello de Ponteareas ao Servizo Galego de Saúde para construír o novo centro de saúde desta localidade.

O terreo onde se localizará o futuro centro sanitario está situado no lugar de Barral, e consta dun total de 5.713 metros cadrados. Así, o Concello de Ponteareas conta cun total de 22.957 Tarxetas de Identificación Sanitaria (TIS), e o seu PAC e Servizo de Atención Primaria (SAP) presta cobertura asistencial a 40.991 persoas dos concellos de Ponteareas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo.

A construción do novo centro de saúde estaba prevista no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta en outubro do ano 2021, debido á antigüidade do actual edificio (máis de 35 anos) e á imposibilidade de que puidese acoller novos espazos.

Neste sentido, o Plan funcional recollido para o novo centro de saúde ponteareá incidirá na ampliación dos espazos dedicados á asistencia sanitaria. En concreto, estará dotado con 9 consultas de medicina de familia (1 consulta máis), 11 de enfermería (1 máis), 2 consultas novas de docencia de MIR -Médico interno residente- e EIR -de enfermería-, unha consulta de farmacia, unha área de saúde bucodental con 2 consultas (1 máis), despacho de traballador social, área de fisioterapia con consulta e ximnasio, sala de toma de mostras, 4 salas polivalentes (2 novas), 1 nova consulta para paciente infeccioso, zona de radiodiagnóstico, 2 consultas de matrona e sala de educación sanitaria, 2 consultas de pediatría, 2 de enfermería pediátrica e, na área pediátrica, unha nova sala para observación e tratamento e outra de paciente respiratorio, así como 2 despachos de coordinación.

No punto de atención continuada (PAC), contará cunha sala de reanimación e 2 novas de observación, 3 consultas de medicina (1 máis), 3 de enfermería (1 máis), pasará de contar con 5 dormitorios a 8 e 2 novos vestiarios. Ademais, o centro de saúde de Ponteareas contará cunha base do 061 composta de 2 dormitorios, unha sala de estar e aseos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa nova construción, o Sergas mellorará a unidade de saúde mental dotándoa de 2 consultas de psiquiatría, 1 de psicoloxía clínica, 1 de enfermería, 1 de traballo social, 1 de docencia e unha sala de actividades grupais. Ademais, tamén de nova creación, contarase con 4 consultas médicas especializadas.

### **Ampliación do cadro de persoal**

Nesta liña, a nova construción levará aparellada consigo unha ampliación de persoal, pois este centro de saúde dotarase dun facultativo máis, un odontólogo, e senllos profesionais en formación de Medicina de Familia e Comunitaria (MIR), e de Enfermería (EIR).

Así, o seu cadro de profesionais disporá de: 15 médicos, 3 pediatras, 1 farmacéutico, 15 enfermeiros, 3 técnicos en coidados auxiliares de enfermería, 8 PXS, 2 odontólogos, 1 MIR, 1 EIR, 3 matronas, 3 fisioterapeutas, 1 traballador social e 2 hixienistas. Ademais, o PAC contará con 9 médicos e 9 profesionais de enfermería.

Destes conxunto profesionais, cómpre apuntar que 1 médico de familia, 1 médico de PAC e un Pediatra que acadaron a súa praza na convocatoria por concurso de méritos convocada pola Xunta.

A Unidade de Saúde Mental contará con 2 psiquiatras, 1 psicólogo, 1 enfermeira especialista en Saúde Mental, 1 traballador social e 1 PXS.

Xa que logo, a construción do novo centro de saúde permitirán dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación galega que reside nesta área sanitaria, ao mellorarse as dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial no Concello.

### **Infraestruturas de atención primaria na provincia de Pontevedra**

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu -ou reformou- un total de 135 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 85.000 metros cadrados. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 14 anos, máis de 158 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

En particular, na provincia de Pontevedra, nos últimos anos, puxéronse en marcha novos centros de saúde na Parda (Pontevedra), Tenorio (Cerdedo-Cotobade), Vilalonga (Sanxenxo), San Paio de Navia (Vigo), Taboada Leal (Vigo), Panxón (Nigrán), Marín, Oia, Salceda de Caselas, Tui, Gondomar, A Estrada e Bouzas (Vigo), e as reformas de Vilaboa, A Illa de Arousa, Tomiño, Crecente, Valga e Pazos de Borbén, e os centros vigueses de Lavadores e da rúa Cuba, mentres que xa están case finalizadas as obras de construción do novo CIS de Lalín e xa finalizadas as obras de ampliación do centro de saúde do Porriño, pendente de acometer a súa reforma.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para continuar con este esforzo, en 2021, o Goberno galego aprobou o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, que, no caso da provincia de Pontevedra, prevé a construción de 13 novos centros de saúde e dúas reformas e ampliacións.

Así, a fase 0 do Plan recolle os novos centros de saúde de Vilagarcía, con proxecto finalizado pendente de licitación da obra; o de Soutomaior, con convenio xa asinado e pendente da cesión da parcela; o de Moaña e o novo Centro Integral de Saúde de Vigo, ambos coas obras xa iniciadas.

Na fase 1 recóllense novos centros en Caldas de Reis, O Grove, Poio; dous Centros Integrais de Saúde en Cangas e A Guarda (con protocolo asinado), e a reforma do centro de saúde de Moraña (con protocolo asinado).

Na fase 2 proxéctanse a construción de novos centros en Meis (con parcela xa cedida e encomendado á Axencia Galega de Infraestruturas), Mos (que se integrará nunha rehabilitación completa do antigo hospital psiquiátrico do Rebullón) e a reforma do centro de saúde do Rosal.

A execución simultánea destes proxectos foi posible grazas a que os orzamentos da Xunta de Galicia de 2023 incrementaron os fondos para investimentos en atención primaria nun 65%, ata os 56 millóns de euros. Para este 2024, os orzamentos da Xunta continuarán con ese aumento ata chegar aos 63,9 millóns de euros para investimentos e transferencias de capital en atención primaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APOIARÁ A ADOPCIÓN DUN ANIMAL DE COMPAÑÍA ABANDONADO CON AXUDAS DE ATA 150 € PARA CUBRIR OS PRIMEIROS GASTOS VETERINARIOS**

- Salienta que o Goberno galego custeará o 100 % dos importes correspondentes á identificación con microchip, ás vacinas iniciais, á desparasitación e á esterilización dos exemplares
- Aclara que se subvencionarán os gastos derivados da adopción de, como máximo, dous animais por persoa e estímase que se poderán atender ao redor dun milleiro de solicitudes
- Explica que os beneficiarios deberán comprometerse a non realizar a transmisión a outra persoa do exemplar durante toda a súa vida, salvo casos debidamente xustificadas por enfermidade, incapacidade sobrevida ou vulnerabilidade económica do adoptante
- A convocatoria publicarase antes do verán e será complementaria ás liñas de axudas que desde 2017 publica o Goberno galego para colaborar con concellos e entidades protectoras no labor que realizan para a protección e coidado destes animais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego concederá axudas de ata 150 euros ás persoas que adopten un animal doméstico de compañía procedente dalgún dos centros de recollida autorizados na comunidade —39 na actualidade— co fin de cubrir os primeiros gastos veterinarios e de identificación que teñen que asumir os cidadáns cando deciden dar este paso.

“É unha das medidas comprometidas para os primeiros cen días do novo Goberno”, lembrou o mandatario galego, quen puxo en valor o seu cumprimento. Deste xeito, o Consello da Xunta foi informado da próxima convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático destes novos incentivos, que se publicarán antes do verán, previsiblemente no mes de xuño, e contarán cunha dotación orzamentaria de 125.000 euros para este ano.

Rueda explicou que os importes máximos das axudas quedarán fixados en 150 euros en caso de que o animal adoptado sexa un can e en 125 euros se se trata dun gato, sendo subvencionables os custos derivados da identificación mediante microchip, desparasitación, vacinación e esterilización nos que teña incorrido o centro de recollida, de ser o caso, para garantir o correcto estado hixiénico-sanitario dos exemplares no momento en que se lle entregue ao seu novo dono, de acordo cos requisitos que establece a Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Neste senso, as axudas da Xunta permitirán custear a totalidade dos gastos que teña que asumir a persoa adoptante, en caso de que o centro de recollida que se ocupaba do coidado e manutención do animal decida repercutirle eses custos.

Rueda apuntou que, tendo en conta o orzamento dispoñible para esta primeira convocatoria e as contías máximas das subvencións previstas na propia orde (150 ou 125

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros), estímase que se poderán chegar a atender “arredor dun milleiro de solicitudes” no conxunto de Galicia, o que facilitará tamén que un milleiro de cans e gatos atopen así un fogar. En todo caso, avanzou que, “se fose necesario, ampliárase o crédito dispoñible”.

O presidente indicou en que só poderán acollerse a estas novas axudas aqueles cidadáns que acrediten a adopción dun animal doméstico de compañía procedente dalgún dos centros de recollida autorizados e inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) —39 na actualidade— e sempre que esta se produza desde a entrada en vigor da orde e antes do 30 de setembro de 2024.

Así mesmo, aclarou que cada solicitante poderá recibir axudas por, como máximo, dous animais de compañía. Ademais, apuntou que os beneficiarios deberán comprometerse a non transmitir a outra persoa a titularidade do animal que adopten mentres este siga vivo, “salvo casos de forza maior”, en referencia aos debidamente xustificadas por razóns de enfermidade, incapacidade sobrevida ou vulnerabilidade económica da persoa adoptante orixinal.

### **Case 0,6 M€ para loitar contra os abandonos**

Esta é a primeira vez que o Goberno galego convocará este tipo de incentivos, cos que se busca animar á cidadanía a ofrecerlle un novo fogar a un animal abandonado a través da concesión de axudas para o fomento das adopcións.

A medida enmárcase nos obxectivos que inspiraron a redacción da Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, aprobada no ano 2017 e que se fixa entre as súas prioridades a erradicación do maltrato, o fomento da tenza responsable entre a cidadanía e a loita contra o abandono, sensibilizando en materia de adopcións e incidindo na idea de que os animais de compañía non poden ser considerados un regalo en determinadas épocas do ano como, por exemplo, o Nadal.

Neste sentido, a nova orde de axudas impulsada pola Xunta é un paso máis para seguir avanzando no fomento da adopción dos animais domésticos que atopan refuxio nos centros de acollida xestionados por concellos e protectoras en toda Galicia.

De feito, virá complementar as axudas que desde 2017 convoca o Executivo galego co fin de apoiar neste labor as administracións locais —competentes para a recollida e xestión dos animais abandonados nos seus respectivos municipios— e as entidades inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.

Así, a Xunta destinará este ano 450.000 euros para subvencionar campañas de sensibilización e parte dos gastos que asumen concellos e protectoras para o coidado, a atención e a protección dos animais ao seu cargo, unha cifra que, sumada ao orzamento da nova liña de axudas, suporá mobilizar case 0,6 millóns de euros para reducir o abandono de animais de compañía en Galicia e fomentar a súa adopción para 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FINANCIARÁ AS PROBAS PARA QUE 5.500 ALUMNOS POIDAN ACREDITAR OFICIALMENTE O SEU NIVEL DE IDIOMAS

- O Goberno galego destina 550.000€ a sufragar o custo das probas de certificación en idiomas para 4º de ESO, Bacharelato e FP nos niveis B1, B2 ou C1
- Apoiará as familias cunha achega de 100 € para custear os exames
- Esta acción enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras, que recolle un paquete de medidas para a mellora destas competencias entre o alumnado

O Goberno galego impulsa o Programa de acreditación en linguas estranxeiras, de xeito que este curso un total de 5.500 alumnos de 205 centros de toda Galicia poderán certificar as súas competencias lingüísticas en diferentes idiomas a través de probas de específicas financiadas pola Xunta.

O Consello analizou un informe da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP sobre este programa enmarcado na Estratexia galega de linguas estranxeiras (EDUlingüe 2030) para o fomento e a mellora do plurilingüismo no ensino non universitario, na que se recollen medidas e accións para a mellora da competencia lingüística do alumnado galego noutros idiomas.

Ao abeiro deste programa, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP habilita unha partida de 550.000 € para o financiamento destas probas, cunha contía de 100 € por alumno, que vai destinada a sufragar o custo das probas das destrezas orais e escritas que realicen estudantes de 4º de ESO, Bacharelato ou FP para certificar os niveis B1, B2 ou C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, correspondentes cos niveis intermedio e avanzado.

#### **Inglés, francés, portugués e alemán**

Cada alumno pode matricularse nunha proba dunha lingua estranxeira que será, preferentemente, a que curse como primeira lingua estranxeira. Isto é, inglés, francés, portugués e alemán. O estudante, logo de orientación do profesorado, poderá decidir o exame ao que se presenta e coñecerá con antelación as características deste.

A organización e xestión das probas é competencia exclusiva do centro educativo, que deberá seleccionar o alumnado candidato ás probas, o nivel da proba á que se presenta e as institucións ou empresas certificadoras oficialmente recoñecidas a través da cal as realiza.

#### **Modelo plurilingüe consolidado**

O modelo plurilingüe implantado pola Xunta -que implica a impartición de ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira- comezouse a aplicar no curso 2010/11 para as etapas de educación obrigatoria, isto é, de Primaria e ESO. Xa a partir do curso 17/18, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ampliouno ás etapas de Infantil, Bacharelato e Formación Profesional e hoxe é un programa consolidado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No actual curso 2023/24 hai un total de 500 centros plurilingües, que contan co apoio de 655 auxiliares de conversa nativos de ata 22 nacionalidades distintas que imparten clases nestes centros.

No caso do Programa de acreditación da competencia lingüística en linguas estranxeiras, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP implantouno por primeira vez no ano 2018 como experiencia piloto para os centros plurilingües e no ano 2021 ampliouse a todo os centros educativos que imparten ESO, Bacharelato e FP.

Canto ás certificacións realizadas, o pasado curso 2022/23, a meirande parte dos alumnos certificados fixérono na lingua inglesa (máis do 90 %), seguido de francés, portugués e alemán. Por nivel de acreditación, a maioría acadaron o nivel B2 de Inglés (o 41 %) seguido do B1 de inglés (o 36 %).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO COAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL NA SEGUNDA EDICIÓN DE INNOVART

- Case 35.000 alumnos cursan estas opcións formativas, cun incremento do 20 % nas deportivas e do 3 % nas artísticas como resultado das melloras na oferta
- Os días 18 e 19 de abril celébrase na Cidade da Cultura a nova edición desta mostra, que serve para darlle visibilidade ás ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas
- Prevese que acudan 6.000 persoas, a maioría delas alumnado que poderá obter información e orientación profesional nesta cita

Máis dun centenar de centros amosarán a excelencia das ensinanzas de réxime especial na segunda edición da mostra Innovart, que se celebrará o 18 e 19 de abril na Cidade da Cultura de Galicia, a mostra coa que a Xunta de Galicia reforza o seu compromiso con darlle pulo ás ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas. Froito deste impulso, esta nova edición conta cun 20 % máis de centros participantes, que teñen nesta cita un grande escaparate para dar a coñecer o seu traballo.

Prevese un incremento da asistencia de público en xeral, e poderá acadar un total dunhas 6.000 persoas asistentes. A maior parte delas será alumnado, que poderá obter neste evento información e orientación profesional sobre as posibilidades e saídas destas ensinanzas.

A mostra porá á disposición dos visitantes novos obradoiros de cada unha das ensinanzas de réxime especial, espectáculos, concertos e representacións escénicas, así como un renovado set de entrevistas e televisión polo que pasarán parte do alumnado e docentes participantes.

#### **Melloras na oferta**

Son case 35.000 os alumnos que cursan estas opcións formativas neste ano académico, cun incremento do 20 % nas deportivas e do 3% nas artísticas respecto do 2022/23, como resultado das melloras e novidades introducidas na oferta por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

No eido das ensinanzas artísticas, este ano implantouse no Conservatorio Superior de Música de Vigo o primeiro máster en ensinanzas artísticas de Galicia do mesmo nivel dos universitarios oficiais, o Máster en ensinanzas artísticas en creación, interpretación e investigación musical. Ademais, a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela) comezou a impartir este curso un itinerario dual pioneiro en España de xoiaría e complementos, concretamente da especialidade de deseño de produto na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela.

Así mesmo, incrementouse o plurilingüismo nas ensinanzas artísticas coa implantación de novos ciclos plurilingües nas ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través do programa PLURIART nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño Ramón Falcón (Lugo) e Pablo Picasso (A Coruña) e novas seccións bilingües con carácter experimental no Conservatorio Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra e na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

No caso das ensinanzas de idiomas, medrou a oferta con incremento de cursos de actualización lingüística do profesorado, linguaxe administrativa, CELGA e cursos monográficos, ao tempo que se potenciaron os cursos semipresenciais.

A maiores, nas ensinanzas deportivas implantáronse os ciclos superiores de Vela con aparello fixo e con aparello libre no Centro Integrado de FP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE CONEXIÓN DUN VIARIO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA COAS ESTRADAS PO-531 E PO-301, EN VILANOVA DE AROUSA**

- A actuación suporá un investimento autonómico de máis de 620.000 euros
- O obxectivo é darlle funcionalidade a esa vía como alternativa á estrada da deputación Baión-András, mellorando a seguridade e a mobilidade dos veciños
- Uniranse as vías autonómicas PO-301, PO-300 e PO-531, que son vertebradoras do territorio do Salnés, partindo da intersección da PO-300 coa PO-301 en Ponte Arnelas, e tendo como punto final a PO-531 no quilómetro 17+180
- Nas vindeiras semanas o proxecto someterase ao trámite de información pública, tamén para os efectos expropiatorios, xa que se afectan 10 predios
- A previsión é aprobar definitivamente o proxecto no outono para realizar a convocatoria dos actos expropiatorios e licitar as obras no primeiro trimestre de 2025
- O Goberno galego continúa a impulsar actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á aprobación provisional do proxecto de conexión dun viario de concentración parcelaria, situado no concello de Vilanova de Arousa, coas estradas autonómicas PO-531 e PO-301. A actuación suporá un investimento estimado en máis de 620.000 euros.

O obxectivo do proxecto informado hoxe polo Executivo galego é darlle funcionalidade a ese viario, como alternativa á estrada provincial EP-9701, Baión-András, a través da execución duns entroncamentos coas estradas autonómicas PO-301 e a PO-531.

En concreto, uniranse as estradas autonómicas PO-301, PO-300 e PO-531, que son vertebradoras do territorio do Salnés, con tráfico importantes nos treitos obxecto desta actuación, partindo da intersección da estrada PO-300 coa PO-301 en Ponte Arnelas e tendo como punto final a estrada PO-531 no seu punto quilométrico 17+180.

Nos últimos anos, no marco de actuacións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural, configurouse ese viario que pode ter a mesma funcionalidade que a estrada provincial EP-9701, xa que presenta un trazado máis recto e evita o paso polos núcleos urbanos. Deste xeito, este proxecto procura a mellora da seguridade viaria, tanto dos vehículos como das persoas que viven a carón da vía provincial, que verá diminuído o seu tráfico, ao aproveitarse todo o potencial dese novo viario.

Para a configuración das interseccións, no caso da estrada PO-531, o proxecto propón a conexión mediante un cambio de sentido con carril central de espera, á altura do quilómetro 17+180 da estrada autonómica. A semiglorieta terá 5 metros de raio exterior con carril central de espera de 3 metros de ancho, e o carril será de 4 metros de ancho.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A vía de conexión entre as interseccións e o viario de concentración parcelaria terá dous carrís de 3 metros de ancho e na estrada PO-301 terá ademais beirarrúas de 2 metros de ancho.

No referente á conexión coa PO-301 e a PO-300, o novo eixe conectarase á glorieta existente no cruzamento das estradas PO-301 e PO-300 coa estrada provincial EP-9511. A glorieta modificarase, pasando dunha morfoloxía circular actual a unha oval. Terá 21 metros de eixe maior e 14 de eixe menor. Disporá de 2 carrís de 4 metros de ancho con 2 beiravías, gorxal interior lastrado de 1,40 metros de ancho e illa central con céspede natural.

Na intervención, ademais, prevese a construción de muros de contención para reducir a ocupación do terraplén no caso da PO-531 e para evitar a afección ao río existente na contorna da PO-301.

Tamén se prevé a prolongación de obra de drenaxe ao paso do río baixo a glorieta de Ponte Arnelas e a reposición das beirarrúas que resulten afectadas polas obras.

Ademais, adecuarase a sinalización, tanto horizontal como vertical, á nova configuración da vía. Así mesmo, nas zonas nas que exista desnivel na marxe, tanto na conexión da estrada PO-531 como na PO-301, disporanse sistemas de contención na marxe do novo viario.

Tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nas vindeiras semanas someterase ao trámite de información pública o proxecto, por un prazo dun mes.


Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións, e tamén para os efectos expropiatorios, xa que coa intervención se afectan 10 predios, todos eles no concello de Vilanova de Arousa.

A partir de aí, os trámites administrativos continuarán coa análise das achegas recibidas, para incorporar ao proxecto aquelas que se consideren oportunas.

A previsión da Xunta é poder aprobar o proxecto no outono, para a finais de ano poder realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras no primeiro trimestre de 2025. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

O Goberno galego segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



*Trazados do vial de concentración parcelaria e da EP-9701, entre a PO-301 e a PO-531. En círculo, sitúanse os entronques obxecto do proxecto que se someterá a información pública*



*Estado actual do entronque na glorieta da intersección da PO-301 coa PO-300. Grafiado no plano se pode ver o final da pista de concentración parcelaria, aglomerado sen conectar coa glorieta*




*Estado actual do entronque na PO-531. Grafiado no plano se pode ver o final da pista de concentración parcelaria, en zahorra sen conectar coa glorieta*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta xeral da intersección coa PO-531



Planta xeral da intersección coa PO-301 e a PO-300

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INVISTIRÁ MÁIS DE 1,3 M€ NA MELLORA DO EQUIPAMENTO DAS UNIDADES DE REPRODUCCIÓN ASISTIDA DO SERGAS**

- Salienta que isto se enmarca no obxectivo de “ampliar e mellorar” a carteira de servizos para “chegar a máis mulleres”
- Renóvanse ecógrafos e adquirense tanques de conxelación, un microscopio especial e incubadoras que aumentan as posibilidades de éxito de embarazo
- A Xunta vai permitir que mulleres con endometriose ou mulleres de 30 a 35 anos sen problemas de fertilidade poidan conxelar óvulos na sanidade pública ou incrementar o acceso á reprodución asistida a mulleres ata 45 anos e a persoas que queiran ter un segundo bebé

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai destinar máis de 1,3 millóns de euros “a mellorar o equipamento das tres unidades de reprodución asistida que hai no Sergas: na Coruña, en Vigo e en Santiago de Compostela”.

Estas melloras enmárcanse na aposta do Executivo autonómico por “ampliar e mellorar os servizos” que ofrecen estas unidades para chegar “a máis mulleres”. Nesta liña, o presidente lembrou que a Xunta “vai ampliar ata os 45 anos” a idade máxima para poder someterse a un tratamento deste tipo, “eliminará o límite dun único fillo” para poder acceder a estas terapias e “permitirá que as mulleres poidan conxelar os seus óvulos na sanidade pública sen necesidade de ter unha patoloxía previa”.

Dos máis de 1,3 millóns de euros que se van investir nas unidades de reprodución do Sergas, 559.020 euros destinaranse á renovación de seis ecógrafos que contribúen a mellorar o prognóstico e o seguimento de estudos ecográficos. Pola outra, investiranse 755.645 euros para adquirir tres incubadoras trigás (con concentracións de osíxeno similares ás do útero das mulleres); tres tanques de conxelación; un microscopio invertido con micromanipulación, que permite a observación e tamén microinfectar en embrións ou ovocitos; e incorporar por primeira vez tres incubadoras time-lapse, que contan cunha cámara para evitar extraer os embrións para ser analizados, co conseguinte estrés que sofren, polo tanto, o proceso aumenta as súas probabilidades de éxito.

A maiores, tal e como explicou o presidente, os orzamentos da Xunta de 2024 reservan 257.730 euros para dotar as tres unidades de reprodución asistida dunha plataforma informática común de traballo con software V-repro e un sistema electrónico de bioseguridade e rastrexabilidade que evita o risco de erros humanos no manexo de material biolóxico.

Grazas a estes investimentos, o Sergas pretende aumentar a capacidade das súas unidades de reprodución asistida que en 2023 realizaron 599 criotransferencias

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(implantacións de óvulos previamente conxelados), 984 puncións para fecundacións *in vitro* e 1.318 inseminacións artificiais (sexa entre cónxuxes ou por medio de doador).

Ademais, en todos os hospitais galegos realízanse estudos básicos de esterilidade e indución da ovulación e nas sete áreas sanitarias lévanse a cabo inseminacións artificiais.

### **Ampliación da carteira de servizos**

Paralelamente, a Consellería de Sanidade comezou a desenvolver reunións co obxectivo de definir o novo Plan estratéxico de reprodución humana asistida. Así, preténdense definir as necesidades de recursos humanos, equipamentos e instalacións para ampliar a carteira de servizos neste ámbito.

Polo tanto, o Sergas traballa en incrementar ao longo da presente lexislatura a idade para o acceso a técnicas de reprodución humana no sistema público de saúde de Galicia de forma progresiva; na inclusión da posibilidade de ter un segundo bebé por medio de reprodución humana asistida no caso daquelas mulleres con capacidade de xestación e dificultade para quedarse embarazadas, aínda que xa teñan un fillo ou unha filla san; tamén se ampliará a posibilidade de preservar ovocitos a aquelas mulleres con capacidade de xestación con patoloxías non oncolóxicas como endometriose ou outras cirurxías con risco acreditado de perda de fertilidade; ou a mulleres con capacidade de xestación maiores de 30 anos e menores de 35 que desexen atrasar o momento da súa maternidade. Ata o momento, a preservación de ovocitos no Sergas está incluída para mulleres con tratamentos gametotóxicos en tratamentos oncolóxicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SEGUIRÁ POTENCIANDO O SELO DE ARTESANÍA ALIMENTARIA COA APROBACIÓN ESTE ANO DE 12 NOVAS NORMAS TÉCNICAS E A INCORPORACIÓN DOUTRAS CEN EMPRESAS ANTES DO REMATE DE 2025

- Neste catálogo incluíranse a manteiga, o vermú, o vinagre de viño e de sidra, licores, augardentes e outras bebidas espirituosas, zumes ou hidromel; así como o pan, as empanadas, as fariñas, as comidas preparadas, as conservas ou derivados da helicultura (referida aos caracois comestibles)
- Dentro da estratexia para impulsar esta figura pioneira, creada pola Xunta en 2020, este ano celebraranse xornadas técnicas e ata oito Mercados de Artesanía Alimentaria en diferentes puntos de Galicia, ademais dunha campaña de promoción en medios dotada con 250.000 euros
- O selo de Artesanía Alimentaria é recoñecido polas empresas adheridas como unha importante vantaxe competitiva, contribuíndo á defensa do bo facer dos artesáns tradicionais e facilitando a relación entre este tipo de produtores e os consumidores
- Os operadores amparados por esta figura teñen unha presenza moi destacada no territorio do rural, polo que teñen unha grande importancia no impulso das economías locais ao desenvolver actividades de elaboración de alimentos baseados en materias primas da zona

O Consello da Xunta tomou hoxe razón dun informe da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, sobre o estado do selo Artesanía Alimentaria e o seu desenvolvemento. Este documento enmárcase na estratexia de potenciación desta figura pioneira, creada pola Goberno autonómico en 2020, para a que se recolle a aprobación este mesmo ano dunha ducia de novas normas técnicas -pasando das 14 actuais a 26- e a incorporación estimada dun novo cento de empresas artesáns antes de que remate 2025 -duplicando, polo tanto, o rexistro actual-.

No referido ás normas técnicas, cómpre lembrar que recollen os requisitos que debe respectar un produto para poder ser considerado artesán. As 12 novas normas que se sumarán ao catálogo de Artesanía Alimentaria inclúen elaboracións como a manteiga, o vermú, vinagre de viño e de sidra, licores, augardentes e outras bebidas espirituosas; así como os zumes e o hidromel. Por outra banda, poderán contar tamén con este selo produtos como o pan, as empanadas, as fariñas e as comidas preparadas; así como as conservas e derivados da helicultura -referida aos caracois comestibles-.

#### **Promoción da calidade alimentaria galega**

Dentro deste plan de impulso, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dentro do seu compromiso pola posta en valor dos produtos agroalimentarios con selo de calidade diferenciada, está a desenvolver accións formativas e divulgativas por todo o territorio co obxectivo de dar a coñecer este tipo de producións e os beneficios que proporciona esta figura.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Avanzando no camiño xa trazado nos últimos anos, neste 2024 organizaranse xornadas técnicas nas catro provincias galegas para difundir este selo e animar os produtores a que formen parte del, e realizaranse en diferentes puntos de Galicia un total de oito Mercados de Artesanía Alimentaria -o ano pasado celebráronse tres-, consolidando unha aposta por un evento fundamental para reforzar o contacto directo dos produtores locais e os consumidores. Ademais, nos vindeiros meses levarase a cabo unha campaña de promoción nos medios de comunicación dotada con 250.000 euros para promocionar esta figura.

### **Vantaxe competitiva no mercado**

O selo de Artesanía Alimentaria é recoñecido polas empresas que elaboran estes produtos como unha importante vantaxe competitiva, e pode servir para mitigar a competencia desleal que lles realizan outras empresas operadoras que producen a grande escala e que publicitan os seus produtos como artesáns. A regulación tamén está a servir para facilitar ás persoas consumidoras a súa elección de compra cando o que buscan son produtos elaborados realmente conforme a métodos artesanais.

Estas empresas distribúense por toda a xeografía de Galicia e teñen unha presenza moi importante no territorio do rural, polo que teñen unha grande importancia no impulso das economías locais, xa que desenvolven actividades de elaboración de alimentos con base en materias primas destas zonas.

Neste sentido, hoxe están vixentes a do queixo, o iogur, o requeixo e os xeados (dentro dos derivados lácteos), a dos derivados cárnicos (embutidos, salgados, afumados, adubados, conservas cárnicas e patés), a da sidra e a da cervexa. Tamén as das conservas vexetais (incluíndo as marmeladas), dos produtos desecados de orixe vexetal, do mel, dos produtos de confeitaría, pastelería, bolaría e repostería, do chocolate e derivados do cacao, dos produtos vexetais para infusión de uso en alimentación e como condimento de uso en alimentación e do aceite de oliva. A elas engadiranse nos vindeiros meses as mencionadas 12 novas normas, facendo un total de 26.

### **Obxectivos de Artesanía Alimentaria e características dos produtos**

A Xunta puxo en marcha o selo Artesanía Alimentaria en 2020 na procura dun sector estruturado en concordancia dos requisitos establecidos pola Unión Europea, sendo pioneira na regulación dunha marca destas características, así como na creación de diversas normas técnicas e dos distintivos identificadores. Xurdiu baixo un triplo obxectivo, co fin de protexer o bo facer dos artesáns, defendendo a súa profesión ante etiquetaxes enganosas e co obxectivo final de conservar e preservar as elaboracións de produtos artesanais tradicionais, tan arraigadas á cultura e historia galegas.

Considérase artesanía alimentaria aquela actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, ademais de cumprir os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que son respectuosas co medio e garanten á persoa consumidora un produto individualizado, seguro dende o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con características diferenciadas, resultado da produción en cantidades limitadas controladas pola intervención persoal da artesá ou do artesán.

Para que unha produción poida ser considerada como artesanal debe cumprir unha serie de requisitos. En primeiro lugar, todos os procesos deben ser realizados conforme a práctica do bo facer do artesán, respectando a norma técnica establecida para o seu produto. Por outra banda, co fin de garantir a elaboración tradicional, no caso de que o produto artesán puidese estar incluído no ámbito de protección dunha denominación de orixe protexida ou unha indicación xeográfica protexida, esíxese que o produto estea recollido no correspondente selo de calidade. Neste sentido, Artesanía Alimentaria actúa de xeito complementario ao selo de calidade diferenciada, achegándolle unha maior dimensión a aqueles produtos que contén cos dous indicativos de calidade.

Os produtores deberán empregar sempre materias primas seleccionadas, e só se admitirá o emprego de medios mecánicos para determinadas fases do proceso de elaboración, atendendo sempre a razóns de seguridade alimentaria, da mellora da calidade e das condicións laborais. Non se poderán empregar potenciadores do sabor, colorantes, saborizantes artificiais nin graxas trans. Tampouco está permitido utilizar produtos semielaborados -agás en casos excepcionais- nin se admitirán reetiquetaxes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOSTA POLA DIVERSIFICACIÓN DAS ESPECIES FORESTAIS DO MONTE GALEGO, CUXO VALOR É DE PRETO DE 43.000 MILLÓNS DE EUROS**

- Así se recolle nun informe sobre a política do Goberno galego nesta materia, que foi avaliado hoxe polo Consello, e que destaca a aposta por unha xestión sostible que contribúa á creación de emprego e riqueza nas áreas rurais e á conservación do patrimonio natural
- Póñense en valor fitos como a 1ª revisión do Plan forestal de Galicia -que enmarca todas as políticas públicas neste eido- ou o Inventario Forestal Continuo, que ofrece datos precisos sobre a distribución das especies e favorece a toma de decisións
- Esta ferramenta permite coñecer que das 1.450.931 hectáreas que cobre o bosque en Galicia -preto do 75 % da superficie forestal da nosa comunidade-, un total de 619.561 hectáreas son de frondosas caducifolias, mentres que o piñeiro abrangue 422.344 ha e o eucalipto, 409.026
- Sobre as coníferas, defínense como fundamentais atendendo á súa importancia industrial, incidindo na necesidade de aumentar en superficie e valor as masas actuais a través de dúas grandes liñas de traballo: as repoboacións de alta calidade xenética e a aplicación de actuacións silvícolas
- En relación coas frondosas, deseñouse unha estratexia específica para valorizar a especie con obxectivos como aplicar tratamentos silvícolas en 20.000 ha e, sobre o castiñeiro en particular, recuperar 8.000 ha de soutos tradicionais e plantar outras 16.000 ha novas para madeira e froito
- Neste sentido, a Xunta investiu en oito anos 124 millóns nas liñas destinadas á forestación e aos tratamentos silvícolas, cos que se actuou en 67.000 ha, ademais do esforzo para estruturar os bosques que permite contar xa con 550.000 ha ordenadas -un 45 % máis do mercado para 2025-
- Tamén se destacan novas iniciativas que se están realizando en Galicia empregando frondosas -especialmente, castiñeiro e carballo- na construción -tanto en novas edificacións como en rehabilitación-, así como para barricas ou peches de explotacións gandeiras

A Xunta está comprometida coa diversificación das especies arbóreas e co fomento da substitución do eucalipto por outras especies, con especial énfase no piñeiro e nas frondosas (especialmente o castiñeiro, o carballo, o ameneiro e o bidueiro). O Goberno galego aposta por unha xestión forestal activa e sustentable, que contribúa á creación de emprego e riqueza nas áreas rurais e á conservación do noso rico patrimonio natural. As súas accións e políticas reflicten o firme propósito de asegurar un futuro próspero e equilibrado para os nosos bosques e a nosa sociedade.

Así se recolle nun informe sobre as políticas da Xunta para o monte galego do que hoxe tomou razón o Consello do Executivo autonómico. No documento lémbrese que a actuación do Goberno galego nesta materia se enmarca e vai en liña co establecido na 1ª revisión do Plan forestal de Galicia, cara á neutralidade carbónica, que establece

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivos claros para a xestión sustentable dos nosos bosques, priorizando a diversidade de especies e a produtividade das áreas existentes.

No informe lémbrese ademais o fito que supón o Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG), a través do cal se busca obter datos precisos sobre a distribución das especies e identificar áreas prioritarias para intervención, que son básicos para a toma de decisións tanto no ámbito político como técnico. Esta ferramenta permite coñecer que das 1.450.931 hectáreas que cubre o bosque en Galicia -preto do 75 % da superficie forestal da nosa comunidade-, un total de 619.561 hectáreas son de frondosas caducifolias, mentres que o piñeiro abrangue 422.344 ha e o eucalipto, 409.026.

### **Desenvolvemento sustentable**

As medidas adoptadas están enfocadas a manter unha superficie equilibrada de eucalipto e aumentar a produtividade das áreas existentes, así como para expandir a superficie forestal de coníferas e mellorar a calidade xenética das plantacións, ademais de potenciar a valorización das frondosas, reflicten ese compromiso co desenvolvemento sustentable do sector forestal. Neste sentido, remárcase que o Plan estratéxico da industria forestal proporciona un marco para impulsar o crecemento e a innovación nesta importante área da economía galega. A través da colaboración con entidades do sector e a implementación de medidas específicas, búscase garantir unha oferta estable de produtos forestais de alto valor engadido e promover a transición verde.

Cómpre engadir ademais -e así está recollido no informe avaliado hoxe-, que o valor das masas arborizadas de Galicia ascende a 42.986 millóns de euros. Por grupos de especies, o valor anual producido polas ditas masas na nosa comunidade alcanza os 1.719 millóns de euros/ano, dos cales o 41 % é producido polas masas de frondosas caducifolias (carballos, castiñeiros, bidueiros), o 38 % polas de eucalipto e o 21 % polas de coníferas. A nivel provincial, a produción da Coruña supón o 41 %, a de Lugo o 29%, a de Ourense o 11 % e a de Pontevedra o 19%.

Estes datos calcúlanse, principalmente, a partir dos valores estimados en diferentes eidos produtivos. Neste sentido, sobresaee o valor económico producido pola captura de carbono das masas arborizadas de Galicia, que supón o 45,2 % dos 42.986 millóns -é dicir, máis de 19.340 millóns-. Por detrás, o que supoñen para a provisión de auga e o control da erosión -o 32,2 %, 13.755 millóns-, a produción de alimentos e materiais (fundamentalmente madeira -que supón o 17,4 %, máis de 7.300 millóns- ou a conservación ecolóxica -o 4,7 %, algo máis de 2.000 millóns de euros-.

O impacto que supón a captura de carbono das masas arborizadas de Galicia referenda a aposta da Xunta pola creación do primeiro mercado autonómico de créditos voluntarios de carbono. Esta ferramenta creará unha nova fonte de ingresos a silvicultores e gandeiros para complementar as súas rendas actuais, loitando contra o abandono de terras e os lumes, permitindo ás empresas mercar estes créditos, verificados, e acadar obxectivos de neutralidade chave para o seu futuro en determinadas producións e mercados, ademais de amosar o seu compromiso co ambiente e a sustentabilidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Axudas para a forestación e a silvicultura en masas de coníferas e frondosas**

No que atinxe á aposta polo fomento das coníferas e a xestión activa das frondosas, no informe recóllense as diferentes axudas impulsadas con estes obxectivos pola Xunta, que só no período 2016-2023 destinou máis de 124 millóns ás liñas destinadas a fomentar a forestación e o apoio á silvicultura destas masas, a través das que se actuou en preto de 67.000 hectáreas dentro dunha folla de ruta que se sigue potenciando no 2024 con, por exemplo, novas axudas destinadas ás masas de frondosas consolidadas e ao silvipastoreo -dotada con outros 2 millóns de euros-.

Ademais, cómpre lembrar o esforzo realizado polo Goberno autonómico para favorecer a ordenación forestal do monte galego, con liñas específicas dotadas con 7,5M de euros nas últimas convocatorias, ás que se suma a aposta polas agrupacións forestais de xestión conxunta -2,4 millóns este ano-. A través deste traballo, Galicia conta hoxe con máis de 550.000 hectáreas de monte ordenado -aumentando nun 45 % o obxectivo marcado no Plan forestal para finais de 2025-.

### **Aumentar a superficie e o valor das coníferas**

No apartado específico sobre as coníferas, defínese como unha especie fundamental debido á súa forte implantación industrial. O informe establece que a súa superficie (hoxe, máis de 422.000 ha atendendo aos datos do IFCG) debe aumentar e tamén o valor das masas actuais, fundamentalmente a través de dúas grandes liñas de traballo, as repoboacións de alta calidade xenética e a aplicación de actuacións silvícolas. Neste contexto, durante este ano e o vindeiro desenvolverase o Plan estratéxico de fomento e xestión das masas de coníferas de Galicia, coa implicación das universidades de Santiago e Vigo.

Así, a USC fará un diagnóstico de aspectos como os materiais forestais de reprodución, os niveis de forestación e rexeneración natural ou as características tecnolóxicas das coníferas producidas en Galicia e a UVigo analizará a cadea de valor baseada en coníferas galegas, avaliación da situación actual dos recursos ou as tendencias de mercado internacional.

Neste sentido, tense en conta o incremento da porcentaxe de volume de cortas de coníferas con destino a serra para usos estruturais, unha tendencia reforzada a través do potente apoio da Xunta ao emprego de madeira na construción no ámbito público e no privado, neste último eido cunha nova convocatoria de axudas dotada con 5 millóns de euros e que xa está aberta.

### **Liñas estratéxicas destinadas ás frondosas**

Canto ás frondosas, a xa mencionada aposta pola súa valoración realízase mediante unha estratexia específica para o fomento da xestión activa destas masas forestais, deseñada no marco dos obxectivos da 1ª revisión do Plan forestal de Galicia. Entre os seus principais obxectivos salientan os de aplicar tratamentos silvícolas en 20.000 ha e conseguir que se acollan ao modelo silvícola que se estea a desenvolver outras 20.000 ha de bosques de ribeira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación co fomento dos recursos forestais madeireiros, establécese un marco de repoboación de 3.500 ha e o tratamento doutras 5.500 ha de masas de frondosas produtivas de alto valor, como a nogueira, a cerdeira ou o bidueiro. Os eixos destas estratexia para as frondosas pasan pola formación, a mellora xenética, a xestión activa, a xestión forestal pública destes montes e os aproveitamentos.

Neste sentido, destacan novas iniciativas que se están realizadas en Galicia empregando frondosas -especialmente, castiñeiro e carballo- na construción -tanto en novas edificacións como en rehabilitación-, así como para barricas ou peches de explotacións gandeiras -tendo en conta a súa altísima durabilidade-.

### **Creación de novas áreas de castiñeiro**

A maiores, tense definido un programa estratéxico para o castiñeiro, que ten como grandes finalidades as de recuperar 8.000 ha de soutos tradicionais e plantar outras 16.000 ha novas para produción de madeira e de froito. Todo isto, mediante o desenvolvemento de cinco eixos, que van desde a planificación ata a mellora da competitividade e do valor engadido das empresas, pasando pola investigación, os recursos e aproveitamentos e a comercialización.

Neste programa inclúese tamén un plan piloto, actualmente en marcha, de xestión conxunta de soutos, que seleccionou sete espazos nas provincias de Lugo e Ourense e abrangue unha superficie de máis de 327 hectáreas. Os soutos seleccionados sitúanse nos concellos ourensáns do Bolo, Parada de Sil e a Veiga e nos lucenses de Folgoso do Courel, O Incio e Paradela.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FOMENTARÁ O USO DE GANDO EXTENSIVO NOS MONTES COMA FERRAMENTA PARA PREVIR OS INCENDIOS FORESTAIS

- Rueda destaca que unha das principais novidades do Plan de prevención deste ano é un proxecto piloto con rabaños públicos no Xurés que se completa cunha liña de achegas para impulsar este sistema entre os gandeiros
- O obxectivo é poder xestionar 5.000 hectáreas desta forma natural e axudar a conservar os terreos limpos e evitar lumes
- Salienta a ampliación dos contratos do persoal laboral do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF) de dous a tres trimestres ao ano, estendéndose xa a 7 meses nesta campaña, incorporándose ao servizo dende mañá
- Habilitaranse 16 novas brigadas na provincia de Ourense a través dun convenio coa Deputación
- O Plan, dotado con 41,1 M€, inclúe actuacións en máis de 60.000 hectáreas e, entre outras medidas, reforzará os traballos de prevención na raia con Portugal e desenvolverá un plan de queimas prescritas
- Tamén inclúe un fondo público-privado para financiar actuacións destinadas á recuperación do territorio galego centrándose nas áreas galegas máis afectadas polos lumes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anuncio hoxe que o Consello deu o visto e prace ao Plan de prevención de incendios forestais que estará en vigor ata marzo do 2025 e “que estará dotado de 41 millóns de euros, un 6% máis que o anterior”. Entre outros fitos, este plan “prevé actuar en máis de 60.000 hectáreas e case 5.000 puntos de auga”.

Entre as principais novidades está o obxectivo da Xunta de avanzar na prevención dos lumes mediante o uso da gandaría en extensivo. Tal e como explicou Rueda isto vaíse facer a través de “gando propio, propiedade da Xunta” ou mediante “axudas para promover este sistema” entre os gandeiros. A previsión de xestionar 5.000 hectáreas mediante esta fórmula que favorece “o desbroce natural”.

Ademais, no ámbito da prevención, sobresaí a ampliación dos contratos do persoal laboral do Servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais (SPIF), que ampliarán gradualmente o seu período de contratación dende os 6 ata os 9 meses. “Este mesmo ano, un millar de brigadistas traballarán sete meses”, indicou Rueda, quen anunciou que os primeiros comezarán o seu labor desde mañá, 16 de abril.

Esta medida beneficia case un milleiro de traballadores e vén reforzar o compromiso da Xunta pola prevención e por un servizo contra incendios profesional, público e versátil. Rematado este novo proceso de estabilización, en 2026, todos os integrantes do servizo -3.000 persoas- traballarán, como mínimo, ao longo de 9 meses ao ano, incidindo nunha maior intensidade dos traballos preventivos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén no eido preventivo a través do reforzo do persoal sobre o terreo, hai que sinalar o renovado protocolo de colaboración entre a Xunta e Deputación de Ourense -por un total de 3,8 millóns- que, ademais de dotar os concellos doutros 12 novos tractores, activa catro pilotos para dotar con 16 novas brigadas por seis meses a catro mancomunidades da provincia, o que reforzará o traballo de prevención en arredor de 320 hectáreas de áreas cortalumes e faixas auxiliares. A maiores, este protocolo inclúe a formación especializada ao persoal municipal e das mancomunidades a través do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén, no que tamén se formará persoal dos concellos pontevedreses apoiado neste caso no novo convenio entre a Xunta e Deputación desta provincia.

### **Planificación preventiva**

A planificación preventiva é o eixo fundamental sobre o que pivota o Plan de prevención avaliado hoxe polo Consello da Xunta. Neste contexto, o documento presenta varias novidades, entre as que o presidente autonómico resaltou "o reforzo da prevención na fronteira con Portugal, unha zona tradicionalmente cunha alta incidencia de lumes" e o fomento de traballos preventivos silvopastorís, favorecendo apostas como a colaboración público-privada.

Neste sentido, inclúese no Plan as medidas con cargo ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, Altri e Inditex, que financia actuacións estruturais destinadas á recuperación do territorio galego afectado por incendios forestais de singular incidencia -abranguendo, atendendo aos lumes do 2022, ás comarcas do Courel, Valdeorras, Monterrei, O Barbanza e o Macizo Central-.

O estudo das incidencias dos lumes permitirá executar actuacións estratéxicas que se executarán nas cinco áreas xa mencionadas e na propia Raia -ao incluír zonas pertencentes a Monterrei, unha das comarcas galegas máis afectadas polos incendios-, incluíndo infraestruturas de defensa no monte e a delimitación de áreas de xestión -zonas definidas como chave para o traballo do persoal do Servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais -.

No que atinxe á fronteira con Portugal, avanza na fixación de áreas estratéxicas preventivas na loita contra os lumes transfronteirizos, ademais de contar coa nova base aérea de Verín-Oímbra, xa operativa esta campaña. Estes traballos de planificación na Raia arrancarán nun piloto que inclúe a ampliación dun soto de castiñeiros como área cortalumes na parroquia de Videferre (Oímbra), ademais de actuacións previstas noutros concellos da mesma comarca limítrofes con Portugal.

En canto ao fomento do pastoreo en zonas estratéxicas para a prevención de incendios apoiarase en dúas liñas, coas que en total se xestionarán 5.000 hectáreas a través do gando en extensivo como alternativa á maquinaria. Por un lado, cun piloto de rabaños públicos -propiedade da Xunta- para o control da biomasa na contorna de aldeas da comarca do Xurés. E polo outro, cunha convocatoria de axudas para o pastoreo en extensivo, que plasma o compromiso da Xunta con esta actividade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Plan de queimas prescritas**

O principal obxectivo deste plan preventivo -que inclúe actuacións en 5.300 quilómetros de pistas forestais e outras vías, así como en 4.887 puntos de auga (entre a creación de puntos novos e o mantemento dos existentes)- é anticiparse aos incendios forestais ou que, no caso de que se rexistren, a súa propagación sexa a menor posible. Asemade, entre as súas finalidades específicas están as de limitar a potencialidade dos grandes incendios forestais ou a planificación preventiva, xestionando a biomasa forestal en zonas estratéxicas mediante técnicas silvícolas axeitadas e de fomentar actuacións silvopastorais e pasteiros -o Plan de pastos contará este ano cun investimento de 2,2 millóns para executar ata 14 pasteiros-.

Tamén se desenvolverá un plan de queimas prescritas, avaladas polos técnicos do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, actuando en 1.680,72 hectáreas. Ademais, doutras novidades deste ano será o traballo de 14 equipos multifunción -denominados batracios-, uns vehículos que, cun investimento de máis de 4,8 millóns permitirán aumentar de xeito considerable as actuacións contempladas, chegando a intervir en 1.260 hectáreas de áreas cortalumes e outras tantas de faixas auxiliares -ademais de colaborar na melloras de pista ou mantemento de puntos de auga-.

Este plan estrutúrase en dous bloques: a programación de accións dirixidas á poboación e as centradas no territorio. As primeiras teñen que ver, por exemplo, coa sensibilización da poboación escolar e do rural, con 300 charlas aos estudantes e 35 accións formativas en parroquias de alta actividade incendiaria, así como campañas nos medios. Neste apartado tamén se inclúe o traballo relacionado coa tramitación do anteproxecto da Lei de loita integral contra os incendios forestais, actualmente en trámite de análise e resposta das alegacións recibidas.

### **Accións no territorio**

O segundo gran bloque deste plan preventivo céntrase nas medidas e accións dirixidas ao territorio. Neste amplo apartado intégranse por exemplo as relativas á vixilancia do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa tanto nas faixas primarias (de estradas e vías férreas) como nas secundarias (as máis próximas ás vivendas) e nas terciarias (de camiños, pistas ou devasas en terreo forestal).

En relación coas faixas máis próximas ás vivendas, o plan integra, entre outras accións, as vinculadas ao convenio de colaboración suscrito coa Fegamp e Seaga para a protección das aldeas. Ponse en valor que son xa 283 os municipios adheridos ao convenio de protección das aldeas entre a Xunta, a Fegamp e Seaga, o que supón algo máis do 90 % do territorio. Ademais, están elaborados 279 plans municipais de prevención (representan o 98 % dos concellos adheridos) e aprobados 241 (máis do 79 % dos elaborados).

### **Aposta pola prevención**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A implicación da Xunta coas actuacións preventivas incrementouse notablemente nos últimos anos. Así, a dotación do Plan aumentou nun 34,7 % dende 2020 -de 30,5M ata os actuais 41,1M-. Un punto destacado neste sentido é a importante evolución do convenio de colaboración coa Fegamp e Seaga, principalmente dende 2021. Neste sentido, entre 2021, 2022 e 2023 inspeccionáronse un total de 129.992 hectáreas de 1.802.243 parcelas incluídas na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa. No relativo á superficie xestionada, ben polos propietarios ou ben de xeito subsidiario, pasou de representar a metade do total en 2019 a superar o 70 % en 2023. Ademais, os propietarios das parcelas non xestionadas están sendo obxecto da correspondente notificación. Suman, dende o ano 2021, un total 415.524 notificacións xeradas e 279.810 referencias catastrais para publicar en diarios oficiais.

Este plan integrarase no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais (Pladiga) 2024 que, como é habitual, aprobarase antes do inicio da tempada de alto risco de lumes -que arranca o vindeiro 1 de xullo-.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS